

XUNTA DE GOBERNO

Sesión do día 24 de maio de 2024

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día vinte e catro de maio do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Couso Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33828.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 21 de maio de 2024.

2.33829.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMBADOS, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2024, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “GASTO CORRENTE DERIVADO DA PROGRAMACIÓN CULTURAL, DEPORTIVA E SOCIAL DO CONCELLO” (Expte.2024019668)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29 de decembro de 2023, mediante acordo núm.4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, en adiante Plan +Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 3 de xaneiro de 2024.

Mediante Resolución Presidencial núm.2024000047 de data 08/01/2024 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.



En data 21/03/2024, con rexistro núm.WEB2024018734, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2024, petición do Concello de Cambados na que solicita unha subvención por importe de 87.103,79 euros, con destino ao financiamento de “Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social do Concello” (Expte.:2024019668), cun orzamento polo mesmo importe.

En data 25/04/2024, con rexistro núm.WEB2024027516, a entidade municipal remite con maior detalle o desglose do orzamento de varias actividades.

Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2024 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Actividades enoturismo 2024	16.263,72 €	16.263,72 €
II Feira ProductorAs, en Feminino	14.692,67 €	14.692,67 €
Campeonato europeo de volleyball sub 18 feminino	6.000,00 €	6.000,00 €
Exposición Atlánticas	4.767,40 €	4.767,40 €
Ano Asorey 2024	30.380,00 €	30.380,00 €
Commemoración Cambados pueblo mágico de España	15.000,00 €	15.000,00 €
TOTAL	87.103,79 €	87.103,79 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2024 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base Reguladora 15ª das bases reguladoras do Plan +Provincia 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 10/05/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 13/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cambados*, CIF:P3600600E, a cantidade de 87.103,79 €, con destino ao financiamento de “*Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social do Concello*” (Expte.:2024019668), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, aprobadas por acordo núm.4.8103 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 3/01/2024 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cambados*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

3.33830.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE GANDOMAR AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA PAVIMENTACIÓN E CANALIZACIÓN DE PLUVIAIS EN RÚA FONTÁN E RÚA TEXOSA, MAÑUFE” (Expte. 2024023376).

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024022129, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de Gondomar na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 104.781,12 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Pavimentación e canalización de pluviais en rúa Fontán e rúa Texosa*” (Expte. 2024023376), cuxo orzamento ascende a 152.270,54 euros, debendo co-financiar a entidade municipal 47.489,42 €.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27^a, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15^a do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnica competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 13/05/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, da mesma data, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 14/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Gondomar*, CIF: P3602100D, unha subvención por importe de 104.781,12 € co obxecto do financiamento do investimento “*Pavimentación e canalización de pluviais en Rúa Fontán e Rúa Texosa. Mañufé*” (Expte.2024023376), cuxo orzamento ascende a 152.270,54 €. O importe que resta ata completar o orzamento, é dicir, 47.489,42 € serán financiados pola entidade municipal .
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Non obstante, a presente concesión queda condicionada a que o Concello achegue, coa primeira xustificación do gasto realizado, a autorización sectorial da entidade pública *Angas Galicia, da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades*.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello do Gondomar*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.33831.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O GROVE AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (PEID) PARA REALIZAR O INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTE DE CONMENIÑO” (Expte.2024020858)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.



Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 31/03/2024, mediante rexistro WEB2024020191, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha solicitude do concello de O Grove na que, acolléndose ao disposto nas bases 1ª e 23ª das reguladoras, solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 241.217,67 euros, co obxecto da achega municipal ao Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID) para a realización do investimento “Acondicionamento de pavillón de deportes de Conmenio”, cuxo orzamento ascende 314.858,00 euros. O importe que resta ata completar o orzamento finánciase coa axuda solicitada, por importe de 73.640,33 euros, ao Plan extraordinario de Infraestruturas Deportivas da Deputación Provincial (PEID), quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención solicitada	Axudas solicitada PEID
2024	314.858,00	241.217,67	73.640,33

O orzamento contempla execución de obra por importe de 303.000,00 €, IVE engadido e 11.858,00 €, IVE engadido dos honorarios de redacción do proxecto.

Consta no expediente certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que non é preciso contar con ningunha autorización sectorial.

A petición cumpre os requisitos que establecen as Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, contando con informe favorable dos facultativos técnicos da Deputación.

A execución deste investimento, así como, a súa xustificación suxeitarase as normas do plan que se cofinancia conforme ao establecido na base 23ª do Plan, sendo aquel o Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.



- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan + Provincia 2024.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 09/05/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 09/05/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 09/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello do Grove* a cantidade de 241.217,67 €, con destino ao financiamento do investimento “*Acondicionamento do pavillón de deportes de Conmenio*” (Exppte.2024020858) cuxo orzamento ascende 314.858,00 euros. O importe que resta ata completar o orzamento finánciase coa axuda solicitada, por importe de 73.640,33 €, ao Plan extraordinario de Infraestruturas Deportivas da Deputación Provincial (PEID), quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención solicitada	Axudas solicitada PEID
2024	314.858,00	241.217,67	73.640,33

O orzamento contempla execución de obra por importe de 303.000,00 €, IVE engadido e 11.858,00 €, IVE engadido dos honorarios de redacción do proxecto.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto. Unha vez concedida a presente subvención, e a correspondente do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID), realizaranse as oportunas operacións en formalización.



- A execución e xustificación do investimento rexeráse polas normas do dito Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID), aprobado por acordo núm. 2.33272 da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, adoptado na sesión ordinaria do 15 de decembro de 2023 (BOPPO nº 245 do 22/12/2023)
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello do Grove*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.33832.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O PORRIÑO AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN TORNEIROS E PONTELLAS” (Expte.2024023002)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024022096, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello do Porriño na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 177.286,27 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Melloras de camiños municipais en Torneiros e Pontellas*” (expdte 2024023002), cuxo orzamento ascende ao mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	177.286,27	177.286,27	0,00	0,00

En datas posteriores, o Concello completa a documentación achegada.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27^a, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 14/05/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 15/05/2024, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 16/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de O Porriño*, CIF: P3603900F, unha subvención por importe de 177.286,27 € co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora de camiños municipais en Torneiros e Pontellas*” (Expte. 2024023002)”, cuxo orzamento ascende ao mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Non obstante, a presente concesión queda condicionada a que o Concello achegue, coa primeira xustificación do gasto realizado, as autorización sectoriais da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, da Deputación de Pontevedra e da entidade pública AXI.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado a 31/12/2025 e xustificado a 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de O Porriño*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.33833.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O ROSAL, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2024, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “GASTO CORRENTE ENERXÍA ELÉCTRICA”. (Expte.2024022280)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29 de decembro de 2023, mediante acordo núm.4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, en adiante Plan +Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 3 de xaneiro de 2024.

Mediante Resolución Presidencial núm.2024000047 de data 08/01/2024 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.

En data 02/04/2024, con rexistro núm.WEB2024021419, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2024, petición do Concello do Rosal na que solicita unha subvención por importe de 152.347,27 €, con destino ao financiamento de “*Gasto corrente enerxía eléctrica*” (Expte. 2024022280), cun orzamento polo mesmo importe.

No mesmo rexistro, a entidade municipal solicita o traspaso de 135.943,69 € da liña 1-investmentos á liña 2.

Conta no expediente informe do interventor municipal indicando que o concello non ten gastos de exercicios pechados pendentes de aprobar.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2024 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.



- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base Reguladora 15ª das bases reguladoras do Plan +Provincia 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 10/05/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 13/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- *Conceder ao Concello de O Rosal*, CIF:P3604800G, a cantidade de 152.347,27 €, con destino ao financiamento de “*Gasto corrente enerxía eléctrica*” (Expte.2024022280), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, aprobadas por acordo núm.4.8103 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 3/01/2024 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de O Rosal*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

7.33834.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILA DE CRUCES AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DO ESPAZO PÚBLICO TRAVESÍA VÁZQUEZ Nº 4” (Expte.2024022863)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.



Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024022116, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Vila de Cruces* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 67.760,00 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora do espazo público travesía vázquez nº 4*”, cuxo orzamento ascende 67.760,00 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
67.760,00 €	67.760,00 €	0,00 €	0,00 €

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que non é preciso contar con ningunha autorización sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27^a.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 15/05/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 15/05/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 16/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vila de Cruces* (CIF:P3605900D), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 67.760,00 € co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora do espazo público Travesía Vázquez N° 4*” (Expte. 2024022863), cuxo orzamento ascende 67.760,00 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
67.760,00€	67.760,00€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Vila de Cruces*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.33835.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILA DE CRUCES AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA CAPA DE RODAXE DOS CAMIÑOS LOTE 1 BEUVAS E OUTROS E LOTE 2 O CAMBALLÓN E OUTROS” (Expte.2024022873)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.



Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024022191, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Vila de Cruces* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 194.504,16 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora da capa de rodaxe dos camiños Lote 1 Beuvas e outros e Lote 2 o Camballón e outros*”, cuxo orzamento total para coñecemento da administración ascende a 200.568,11 €, desagregado en orzamento base de licitación por importe de 194.504,16 € e honorarios técnicos redacción do proxecto por importe de 6.063,95 € para os cales non solicita financiamento ao asumir o Concello con fondos propios o 100% do gasto, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
194.504,16 €	194.504,16 €	0,00 €	0,00 €

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Consellería de Medio Rural, da Axencia Galega de Infraestruturas, do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra (consta no expediente a autorización) e da Consellería de Innovación e Industria.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaban pendentes de outorgamento as autorizacións sectoriais do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Consellería de Medio Rural, da Axencia Galega de Infraestruturas e da Consellería de Innovación e Industria.

As devanditas autorizacións, a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto e a acta de trazado debidamente dilixenciada serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15^a do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.



- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 16/05/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 16/05/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 16/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vila de Cruces* (CIF:P3605900D), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 194.504,16 euros co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora da capa de rodaxe dos camiños Lote 1 Beuvas e outros e Lote 2 O Camballón e outros*” (Expte.2024022873), cuxo orzamento base de licitación ascende 194.504,16 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
194.504,16€	194.504,16€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue as autorizacións sectoriais do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Consellería de Medio Rural, da Axencia Galega de Infraestruturas e da Consellería de Innovación e Industria, xunto coa resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto e acta de trazado previo (anexo III). Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vila de Cruces*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.33836.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILABOIA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E DRENAXE EN NORES - STO. ADRÁN DE COBRES (VILABOIA)”.
(Expte.2024021694)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 02/04/2024, mediante rexistro WEB2024021211, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Vilaboa* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 186.308,50€, co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora da seguridade viaria e drenaxe en Nores - Sto. Adrián de Cobres (Vilaboa)*”, cuxo orzamento ascende 186.308,50 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
186.308,50 €	186.308,50 €	0,00 €	0,00 €

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaban pendentes de outorgamento as autorizacións sectoriais da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Rural, da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.



As devanditas autorizacións, a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto e a acta de trazado previo (Anexo III) debidamente dilixenciada serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 13/05/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 13/05/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 14/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vilaboa* (CIF:P3605800F), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 186.308,50 euros co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora da seguridade viaria e drenaxe en Nores - Sto. Adrán De Cobres (Vilaboa)*” (expte: 2024021694), cuxo orzamento ascende 186.308,50 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
186.308,50€	186.308,50€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.



- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue as autorizacións sectoriais da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Rural, da demarcación de Estradas do Estado en Galicia do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, xunto coa resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto e acta de trazado previo (Anexo III). Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilaboa*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10.33837.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA A “CREACIÓN, O MANTEMENTO E O REFORZO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DIRIXIDAS AOS CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, PARA O ANO 2024”. (Expte. 2024002972)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do 2 de abril de 2024, aprobou entre outros asuntos, as Bases de subvencións para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística, dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia de Pontevedra, para o ano 2024 (BOPPO núm. 67 de 5 de abril de 2024).

Pola citada convocatoria, esta institución concederá axudas económicas, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas a:

- a. Creación dos servizos de normalización lingüística.
- b. Mantemento dos servizos de normalización lingüística.
- c. Reforzo dos servizos de normalización lingüística.

De acordo coa base sétima da convocatoria, as contías máximas subvencionables para cada unha das modalidades subvencionables son as que se recollen a continuación:

1.- Creación do Servizo de Normalización Lingüística:

A Deputación achegaralle a cada entidade solicitante (concello, mancomunidade, entidade local menor ou agrupación de concellos) o 100 % do orzamento de gastos de persoal do SNL no caso de creación do Servizo, ata un máximo de trinta e cinco mil (35.000) euros, co compromiso adquirido de manter o devandito servizo nas dúas anualidades seguintes, e de dotalo nos seus orzamentos económicos coas cantidades correspondentes polas porcentaxes restantes do seu custo salarial.



2.- Mantemento e reforzo do Servizo de Normalización Lingüística

A Deputación achegaralle a cada entidade solicitante o 80 % do orzamento de gastos de persoal do SNL no caso de mantemento do servizo, ata un máximo de vinte cinco mil (25.000,00) euros

Recibidas en prazo un total de 6 solicitudes para o mantemento dos servizos de normalización lingüística dos concellos da provincia que se relacionan, revisase a totalidade dos expedientes, e constátase que compren a base décimo segunda das bases reguladoras destas axudas, achegando toda a documentación necesaria para cumprimentar a solicitude.

Con data 14 de maio de 2024, o xefe do Servizo de Normalización Linguística e Servizos Linguístico emite informe para fiscalización previa das 6 solicitudes recibidas en prazo para o programa indicado, con CSV: U2XRJ0TBIUGQC9SY, en virtude do disposto na base décimo quinta: Instrución e resolución do procedemento da bases de subvencións para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística, dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia de Pontevedra anteriormente citadas.

Fiscalizadas as correspondentes solicitudes, emítese pola área de Intervención con data 14 de maio de 2024, informe favorable (CSV: IAP6CKWYX4XJEILX) sobre existencia de consignación, por un importe de 149.929,18 €, con cargo á aplicación 24/334.3340.462.04.

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa de aplicación, sometese á aprobación a proposta de concesión de subvencións para a creación, o mantemento e o reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e a outras entidades locais da provincia de Pontevedra para o ano 2024 dos concellos que se relacionan e que figuran con CSV: O7AC8EQK86PP6IK1.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, art. 36.1.d) (LBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, art. 109.1.d) (LALG).
- Lei 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación (OXS).
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.



- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de subvencións para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística, dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia de Pontevedra, para o ano 2024.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En relación coas competencias para a defensa e a promoción da lingua e da cultura galegas, no artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia determínase a obriga dos poderes públicos de potenciar a utilización do galego en todas as esferas da vida pública, cultural e informativa, e de dispoñer os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

No artigo 4.1 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, se establece que “o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma.” e no seu artigo 25 figura que “O Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.”.

No artigo 7.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispónse que “o galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local”.

Así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o día 21 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración local: “*É necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados.*”

No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 17.3 da OXS, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a proposta de concesión de subvencións para a creación, o mantemento e o reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e a outras entidades locais da provincia de Pontevedra para o ano 2024 dos concellos que se relacionan e que figuran con CSV: O7AC8EQK86PP6IK1.



11.33838.- AMPLIACIÓN DA BOLSA DE MOBILIDADE AO ALUMNO YÁBSERA SOUTO AYO, PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (1ª MOBILIDADE).
(Expte:2023003512)

O 23 de novembro de 2022 publicouse no Diario Oficial da Unión Europea núm. C 444/16 a convocatoria de propostas 2023 (EAC/A10/2022) do Programa Erasmus+, ao abeiro do Regulamento (UE) Núm. 2021/817 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio do 2021, polo que se establece Erasmus+, o Programa da Unión para a educación e a formación, a xuventude e o deporte, e se derroga o Regulamento (UE) núm. 1288/2013.

O 21 de febreiro de 2023 a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto do consorcio de mobilidade (ID da solicitude: KA121-VET-DB33C956) dentro da Acción Clave 1 (KA1) “Mobilidade das persoas por motivo de aprendizaxe” que ten as seguintes características:

Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes recentemente titulados de ciclos medios de Formación Profesional, Formación Profesional Básica e cursos que conduzan á obtención de Certificados de Profesionalidade dos niveis I, II e III pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.

Número de participantes: 90 mobilidades de longa duración de estudantes de FP (ErasmusPro), 10 mobilidades de aprendizaxe por observación de docentes e persoal non docente que traballe en educación e formación profesional e 1 visita preparatoria.

Duración e prazo de desenvolvemento do proxecto: 15 meses (dende o 1 de xuño de 2023 ata o 31 de agosto de 2024). Con todo, ao cabo de 12 meses, todos os beneficiarios de proxectos acreditados terán a posibilidade de ampliar o seu proxecto ata unha duración total de 24 meses, tal e como recolle a Guía do Programa Erasmus.

Ámbito de actuación do proxecto: Alemaña, Bélxica, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Islandia, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Romanía ou calquera noutro país do programa Erasmus+.

O 21 de xullo de 2023 a dirección do Servicio Español Para la Internacionalización de la Educación (SEPIE), emitiu a resolución definitiva pola que se resolveu publicar os listados de solicitudes seleccionadas, en lista de reserva e rexeitadas da Acción Clave 1 – Mobilidade educativa de persoas (KA121,KA122), correspondente á Convocatoria de Propostas do programa Erasmus+ 2023, concedendo á Deputación de Pontevedra unha axuda para a realización do proxecto presentado por importe de 1.182.155,00€.



Trátase dun proxecto plurianual (2023-2024) financiado con fondos do SEPIE e fondos propios e para a anualidade 2023 realizáronse as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo SEPIE para ese exercicio e por parte do financiamento propio realizáronse as correspondentes operacións de modificación de crédito, comprometéndose a Deputación de Pontevedra ao financiamento do importe da anualidade do proxecto.

Con data 24 de agosto de 2023 a Deputación asinou co SEPIE o convenio a través do cal se acepta a subvención concedida e se asume o compromiso de executar o proxecto nos termos e condicións establecidas.

O prazo establecido para levar a cabo este proxecto é de 15 meses, dende o 1 de xuño de 2023 ata ao 31 de agosto de 2024. Con todo, ao cabo de 12 meses, todos os beneficiarios teñen a posibilidade de ampliar os seus proxectos ata unha duración total de 24 meses. Isto establécese na Guía do Programa Erasmus+ (Erasmus+ Programme Guide), que forma parte integrante da Convocatoria de Propostas 2023 do Programa Erasmus+.

De acordo co previsto na memoria do proxecto, en cada un dos centros de Formación Profesional constituíuse un comité de mobilidade, encargado da selección dos alumnos, persoal e docentes participantes, concreción do país de destino e data de inicio da mobilidade. Á súa vez, a Deputación creou o seu comité de mobilidade para o asesoramento en materia xerais relativas ao proxecto. Partindo das propostas dos centros de Formación Profesional e do comité de mobilidade da Deputación, o alumnado distribuírse en varias quendas de mobilidade:

- A primeira quenda, que comprende un total de 14 alumnos que iniciaron a mobilidade en marzo do 2024 con destino Portugal, Italia e Malta, Irlanda e República Checa
- A segunda quenda, que comprende a 1 docente que iniciou a mobilidade en marzo con destino Portugal.
- A terceira quenda, que comprende un total de 17 alumnos que iniciaron a mobilidade en abril do 2024 con destino Croacia, Irlanda, Italia, Malta e Portugal
- A cuarta quenda, que comprende a 2 docentes que inician a súa mobilidade en maio do 2024 con destino Malta e Hungría.
- A quinta quenda, comprende a 1 docente que inicia a súa mobilidade en maio do 2024 con destino Polonia.
- A sexta quenda, comprende a 1 docente e 3 alumnos que inician a súa mobilidade en xuño 2024 con destino Italia e Portugal.
- Os seguintes grupos comprenderán un número indeterminado de alumnos (a concretar en próximas reunións do consorcio) que inician a mobilidade en xuño do 2024.

A cláusula 3.3 do convenio de subvención Erasmus+ para estudante e persoal de Formación Profesional formalizado entre a Deputación de Pontevedra e as persoas participantes do proxecto establece que estas poderán enviar unha solicitude de ampliación da duración do seu período de mobilidade ata a duración máxima prevista na cláusula 3.3 (365 días).



A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 23 de febreiro de 2024 adoptou, entre outros o seguinte acordo: 5.33504.- ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+2023 (1ª MOBILIDADE) (Nº expediente 2023003512).

A través deste acordo autorizouse a concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado que participa no proxecto PRACTICUM DEPO 2023 (1ª mobilidade) pola contía total de 63.137€ que comprende a cantidade asignada pola estancia e a prevista para gastos de viaxe.

Con data 24 de abril de 2024 ofrecéuselle aos beneficiarios da 1ª mobilidade ampliar voluntariamente as súas mobilidade, solicitando confirmación a través de correo electrónico. O participante Yábsera Souto Ayo con DNI ***1482**, solicitou ampliar a súa estancia conforme ao detalle seguinte:

O importe da axuda vén determinado en función do número de días de estancia e do país de destino. A plataforma Beneficiary Module, creada pola Comisión Europea para a xestión dos proxectos Erasmus+, realiza o cálculo da contía correspondente de forma automática segundo as directrices do programa.

A axuda financeira farase efectiva previa aceptación por parte do interesado da cantidade asignada en concepto de axuda individual co compromiso de cumprir cos obxectivos do programa e destinala aos fins que se determinan mediante a sinatura do convenio de subvención.

Esta ampliación beneficia tanto á persoas beneficiaria das prácticas, que poden seguir formándose e aprendendo nas súa organización de acollida, como ao consorcio do proxecto Erasmus+ 2023, acadando un maior porcentaxe de execución orzamentaria.

Para tal finalidade, deberá realizarse unha nova adxudicación complementaria relativa á duración adicional pola que o participante ampliarán a súa estancia.

NORMATIVA APLICABLE

Estas axudas axustaranse ao previsto nas Bases reguladoras da concesión da subvención: Convocatoria de propostas 2023 do programa Erasmus+ (EAC/A10/2022), Diario Oficial da Unión Europea 2022./C444/16); ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento desta Lei e as Bases; e as bases de execución do orzamento para o ano 2024.

A concesión destas axudas corresponde Xunta de Goberno e en virtude das facultades que lle atribúe as bases de execución do vixente orzamento.



Por todo o exposto, en base aos antecedentes e normativa aplicable a este tipo de axudas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- A concesión da bolsa de ampliación de mobilidade ao alumno *Yábsera Souto Ayo* con DNI ***1482** participante no proxecto Erasmus+ 2023 (1ª mobilidade) conforme ao detalle seguinte:

Nome e apelidos	Sector	Centro Formación	Destino	Data de inicio ampliación	Data de fin ampliación	Total días	Importe ampliación
Yabsera Souto Ayo	Xestión administrativa	IES PEDRO FLORIANI	REPÚBLICA CHECA	15/06/2024	30/08/2024	77,00 €	2.618,00 €
							2.618,00 €

Para a ampliación desta 1ª mobilidade a contía ascende a 2.618,00€ que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 24/240.2429.481.01.2023 do proxecto de gasto 2300005_PRACTICUM DEPO 2023 pertencente ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

- Notificar este acordo ás partes interesadas

A axuda financeira ou parte dela será reembolsada se o participante non cumpre coas súas obrigas. Se o participante rescinde o convenio de participación antes do seu prazo de finalización ou se incumpre o establecido no mesmo, deberá proceder á devolución da cantidade da axuda que se lle aboou.

En caso de rescisión do participante por causas de forza maior, isto é, debido a unha situación ou acontecemento imprevisible e excepcional alleo á vontade do participante e non atribuíble a erro ou negligencia pola súa parte, o participante terá dereito a percibir a contía da axuda correspondente á duración real do período de mobilidade, e calquera fondo restante deberá ser devolto.

12.33839.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA FOSS IBERIA, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE Á “SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E POSTA EN MARCHA DE EQUIPOS AUTOMÁTICOS PARA A DETERMINACIÓN DE PROTEÍNA E GRAXA BRUTA PARA LABORATORIO DA FINCA MOURISCADÉ.” (Expte. 2023058918) (Devogarán 2016029711)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria, de data 11 de decembro do ano 2023 (CSV.- TG78T15X7OI4KFKM), adxudicouse, mediante procedemento aberto, o contrato de “Subministración, instalación e posta en marcha de equipos automáticos para a determinación de proteína e graxa bruta para laboratorio da Finca Mouriscadé”. (Expte. 2023058918).



Para responder da correcta execución destes lotes, a empresa Foss Iberia, S.A. (A-08912909), constituíu na Tesourería desta Deputación, as garantías definitivas equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación de ditos contratos, que foron as seguintes:

Empresa	Lotes	Importe	Carta de Pago	Data
FOSS IBERIA, S.A. (A-08912909)	1	2.443,40€	202300243760	28/11/2023
	2	2.540,65€	202300243759	28/11/2023

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Cooperación (CSV.- Q0JMOCTV4VWUWAVM), no cal sinala que *“a empresa Foss Iberia, S.A. (CIF: A08912909), cumpriu satisfactoriamente tódolos compromisos derivados do contrato, polo que non existe inconveniente algún para proceder a devolución da garantía definitiva depositada”*.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- BXSJFT2WJITF8ZJV), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil FOSS IBERIA, S.A., das garantías definitivas depositadas con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: *“Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”*.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación dos lotes 1 e 2 que compuxeron o contrato de *“Subministración, instalación e posta en marcha de equipos automáticos para a determinación de proteína e graxa bruta para laboratorio da Finca Mouriscadé”*.

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil FOSS IBERIA, S.A. (A-08912909), por resultar adxudicataria dos lotes que compuxeron dito contrato, que son os seguintes:

- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ATRADIUS CRÉDITO Y CAUCIÓN (Con Certificado de Seguro de Caución número 4.302.676)*, por importe de dous mil catrocentos corenta e tres euros con corenta céntimos (2.443,40 €), que foi depositada na Tesourería Provincial o 28/11/2023, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202300243760.



- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ATRADIUS CRÉDITO Y CAUCIÓN* (Con Certificado de Seguro de Caución número 4.302.677), por importe de dous mil cincocentos corenta euros con sesenta e cinco céntimos (2.540,65€), que foi depositada na Tesourería Provincial o 28/11/2023, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202300243759.

13.33840.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte. 2024030912)

Vista a relación de facturas con número 2024030912, que contén 22 facturas e por un importe de 50.430,69€ e con CSV: 3XO1FX2EMK45ZFD0, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 13/05/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	50.339,16€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	91,53€
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	50.430,69€

14.33841.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS, EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O “FOMENTO DA ACTIVIDADE TURÍSTICA BASEADO NA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS EVENTOS RELACIONADOS CO DEPORTE DURANTE O ANO 2024” (Expte.2024016132)

A Deputación de Pontevedra, de acordo co disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, sendo a prestación de servizos de asistencia, fomento e promoción do turismo unha cuestión prioritaria.

O turismo é unha das actividades con maior potencial de creación de emprego e de crecemento económico da Unión Europea, ata o punto de que o Tratado de Lisboa contempla expresamente a importancia do sector turístico e contén disposicións específicas co obxectivo de promover a competitividade entre as empresas do sector para converter á UE no primeiro destino turístico mundial.

A Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia fai referencia a que a dimensión social do turismo non se basea unicamente na súa capacidade para xerar emprego, senón tamén á posibilidade que ten de xerar e distribuír mellor a riqueza, aproveitando as sinerxias que se producen a través das iniciativas entre os distintos axentes públicos e privados.



A citada Lei dispón que corresponden ás entidades locais supramunicipais, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local o asesoramento e apoio técnico aos entes locais do seu ámbito territorial en calquera aspecto que mellore a súa competitividade turística. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece, no artigo 36.1 d) que a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios é unha competencia propia das Deputacións provinciais.

En consecuencia, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Turismo, elabora as bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva para o fomento da actividade turística baseado na dinamización de promoción dos eventos relacionados co deporte durante o ano 2024 (TUR_C/24).

O 8 de maio de 2024 emítese informe sobre a necesidade de aprobar as bases reguladoras das subvencións (CSV: QLAQMQ30PX39XIIE).

O 8 de maio de 2024 emítese informe xurídico sobre as bases reguladoras das subvencións (CSV: QJONX7T5HR38YBUF).

O 8 de maio de 2024 Intervención emite informe con observacións (CSV: 4JULY8ZFY4E6W3SKD) e certifica a existencia de crédito por importe de 100.000,00 € na aplicación 24/433.4320.489.01, a cuxo efecto expide documento de retención de crédito núm. 202400098199.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2024.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016.

2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

Conta no expediente informe do Servizo de Turismo no que se indica a necesidade de aprobar as bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva, para o fomento da actividade turística baseado na dinamización de promoción dos eventos relacionados co deporte durante o ano 2024” (TUR_C/24), así como informe xurídico e de Intervención no que se sinala que as bases son correctas xuridicamente e que existe crédito suficiente, por importe de 100.000,00 €, na aplicación 24/433.4320.489.01.



As bases reguladoras conteñen os extremos aos que se refire o artigo 17 da LXS.

O artigo 23 da LXS establece que o procedemento para a concesión de subvencións iniciárase sempre de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas segundo o establecido na propia Lei e de acordo cos principios da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo se recolle na base 16ª das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

III. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva, para o fomento da actividade turística baseado na dinamización de promoción dos eventos relacionados co deporte durante o ano 2024 (TUR_C/24), que figuran no expediente co código seguro de verificación (CSV): QRVD3AOYRX7H2Z27.

15.33842.- APROBACIÓN DAS INSTRUCIÓN REGULADORAS DAS “SOLICITUDES, PROCEDEMENTO E CONCESIÓN DAS AXUDAS SANITARIAS” (Expte.2023058924)

Nas bases de aplicacións de retribucións que acompañan ó orzamento provincial de cada ano contéplase a elaboración dunhas instrucións que regulen o procedemento a seguir para a tramitación e concesión das axudas sanitarias, sendo a última redacción do ano 2012.

A necesidade de redactar unhas novas normas reguladoras da concesión, xustificación e abono destas axudas ven determinada, entre outros, polos seguintes motivos:

- Actualizar as normas vixentes, aprobadas no ano 2012.
- Regular a tramitación electrónica dos expedientes, detallando o procedemento a seguir nas fases de instrución e resolución.
- Precisar os conceptos e os importes das axudas
- Establecer novos criterios de reparto para determinar o importe de cada axuda, tendo en conta:
 - a consignación orzamentaria existente e as limitacións que impiden o seu incremento,
 - o notable aumento de persoas interesadas e dos seus beneficiarios,
 - o incremento do custo das adquisicións e/ou tratamentos.
- Incluír a realización de control financeiro posterior pola Intervención, de considerarse necesario.
- Determinar o réxime xurídico aplicable.



No ano 2023 co obxectivo de dar cumprimento ao marco normativo de obrigatoriedade no uso de medios electrónicos, recollido nas Lei 39/2015, do 1 de outubro e 40/2015, do 1 de outubro, así como de mellorar a eficiencia, transparencia e accesibilidade tanto das persoas solicitantes como do persoal empregado público que tramita estas axudas, por Resolución Presidencial de data 14/09/2023 habilitouse a tramitación e xestión electrónica das solicitudes de axudas sanitarias, con efectos do 01/10/2023, quedando pendente a elaboración dunhas novas normas que definan de forma detallada e precisa os diferentes tipos de axudas.

A instrución proposta define o procedemento de tramitación, incorporando nos anexos I e II o catálogo das categorías e conceptos que se viñan aplicando ata a data.

A presente Instrución sistematiza a documentación a achegar, especificando os documentos requiridos segundo tipoloxía da axuda e destinatario da mesma, incorporando como documentación de achega preceptiva o xustificante de pagamento da factura mediante transferencia bancaria, tarxeta, bizum ou similar.

No que atinxe á determinación do importe individualizado das axudas, o incremento no número de solicitudes e a insuficiencia da consignación orzamentaria esixen un replanteamento do sistema. A estes efectos establece unha porcentaxe respecto do custe do tratamento para os gastos de odontoloxía (excepto limpeza e curetaxe) e un sistema de tarifa fixa para os restantes conceptos, con previsión da posibilidade de reaxuste das porcentaxes e importes asignados en función da consignación dispoñible e solicitudes validadas para o reparto. Así mesmo, revísanse os importes máximos anuais e se implementan uns límites plurianuais de xeito que en catro anos non se poida percibir un importe superior ao tope establecido para dúas anualidades.

Considerando o exposto, de conformidade co establecido no art. 69 do V Acordo Regulador para persoal funcionario e art. 82 do I Convenio Colectivo para persoal laboral da Deputación, así como as Bases de aplicación de retribucións do orzamento provincial; vistas as actas das reunións da Comisión Paritaria Mixta e informes do Servizo de RRHH e Formación, Intervención e Secretaría, en virtude das competencias delegadas da presidencia na base 16.2 de Execución do Orzamento Provincial do 2024 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as normas reguladoras das solicitudes, procedemento e concesión das axudas sanitarias:

PRIMEIRA.- Concepto.

Considérase axuda sanitaria o auxilio económico outorgado por esta Deputación para compensar gastos de natureza médica ou sanitaria que se detallan nos Anexos I e II deste acordo.

SEGUNDA.- Natureza e réxime xurídico.

Estas axudas, aínda que, en sentido estrito, non teñen natureza de subvención, dadas as similitudes que teñen coas mesmas, regularanse por estas Instrucións e, con carácter supletorio, polas normas reguladoras das subvencións.



O procedemento de concesión será en réxime de concorrencia non competitiva, en condicións de igualdade, ata esgotar o crédito orzamentario anual.

TERCEIRA.- Persoas beneficiarias e incompatibilidades.

Estas axudas concédense ao titular do dereito e os seus beneficiarios.

Enténdese por titular do dereito o persoal funcionario de carreira e laboral fixo que preste servizos nesta Deputación Provincial e que se encontren en servizo activo.

Enténdese por beneficiarios:

- a) Os/as fillos/as menores de 26 anos e os cónxuxes, parella de feito ou persoa que conviva maritalmente coa persoa titular do dereito sempre que sexan beneficiarios de asistencia sanitaria do titular e que non teñan dereito a estas prestacións por outra entidade ou institución.
- b) Os/as fillos/as menores de 26 anos, que non sexan beneficiarios de asistencia sanitaria do titular terán igualmente dereito ás axudas sanitarias, nos supostos de dependencia recoñecida pola Xunta de Galicia, percepción de pensión de orfandade sen desempeño de actividade retribuída, así como no suposto de que, figurando como beneficiario da tarxeta sanitaria do outro proxenitor, este sexa perceptor do RISGA ou do IMV.

Serán incompatibilidades destas axudas:

1. Cando a persoa beneficiaria estea afiliada e de alta en calquera dos rexímenes da Seguridade Social, por inserción á vida laboral.
2. Cando a persoa beneficiaria reciba calquera axuda da mesma natureza e finalidade de calquera ente público ou privado.

CUARTA.- Período de cobertura:

O período de cobertura das axudas queda referido aos gastos devindicados e abonados no seu caso polo titular do dereito ou beneficiario durante o ano natural de referencia.

O período de concesión destas axudas será anual, polo que se adoptará acordo de resolución conxunto no primeiro trimestre do ano seguinte, salvo os supostos de cese anticipado polas causas contempladas na base sétima.

QUINTA.- Tipos de axudas:

Estas axudas destínanse a financiar as seguintes adquisicións, tratamentos ou servizos:

- Audífonos
- Celiaquía
- Logopedia
- Odontoloxía
- Óptica
- Ortopedia (plantillas)
- Quiropedia (máximo tres ao ano)



O detalle das diferentes categorías e conceptos susceptibles de axuda inclúese nos Anexos I e II. Os conceptos referidos a adquisicións, servizos ou tratamentos odontolóxicos previstos no Anexo I, teñen carácter orientativo, de xeito que poderán ser ampliados sen necesidade de modificación da Instrución para cobertura de novas técnicas ou tratamentos non previstos especificamente, pero de carácter análogo, sempre e cando se correspondan con algunha das categorías definidas e non estean incluídos nos servizos de cobertura obrigatoria pola Seguridade Social.

Non serán susceptibles de axudas os gastos correspondentes a órteses (salvo soletas), radiografías, consultas (excepto as de revisión de ortodoncia), estudo de implantes, blanqueamentos, extraccións e estudos periodontais, así como os fármacos ou analíticas.

SEXTA.- Forma e lugar de presentación de solicitudes

O procedemento para a concesión das axudas sanitarias iniciarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo de solicitude con código SIA: 2962440 dispoñible na sede electrónica da Deputación Provincial de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Para o acceso ao formulario será necesaria a identificación electrónica na sección "A MIÑA SEDE" onde se mostra o catálogo de procedementos do persoal empregado público.

A sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNI-e).

As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación preceptiva, prevista na base novena da presente Instrución, segundo o tratamento ou adquisición obxecto da solicitude.

SÉTIMA.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes a contar desde a data de expedición da correspondente factura.

As solicitudes poderán presentarse ata o 31 de decembro de cada ano natural, salvo que se refiran a adquisicións ou tratamentos realizados na segunda quincena do mes de decembro, en cuxo caso o prazo será ata o 15 de xaneiro do ano seguinte.

Na tramitación das axudas diferenciarase entre os expedientes de concesión colectiva e os que correspondan a concesión singular para o persoal que cause baixa por xubilación, debendo presentarse con, polo menos, un (1) mes de antelación á data da baixa. De ser declarado en situación de incapacidade permanente ou cesar no servizo activo da Deputación por cambio de situación administrativa, aboaráselle o seu importe na liquidación de nómina que lle corresponda. En todo caso, será rateado nas nóminas do ano no que se proceda ó seu aboo.



Se o último día do prazo fora inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte. En todo caso non se admitirán a trámite e, por conseguinte, non existirá a posibilidade de emenda, das solicitudes presentadas fóra de prazo.

OITAVA.— Comprobación de datos:

Para tramitar as solicitudes consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas cando foran de aplicación:

- Consulta de NIF das persoas beneficiarias
- Consulta das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas
- Consulta do nivel e grao de dependencia.

En caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de solicitude e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase obter estes datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

NOVENA.- Documentación

A persoa interesada deberá presentar xunto coa solicitude a seguinte documentación, segundo tipo de tratamento ou servizo:

1. Documentación a presentar para todas as solicitudes:

- Factura, que deberá conter todos os requisitos legais para a súa validez como tal, é dicir, nome do profesional ou razón comercial, NIF do que a expide e no seu caso número de colexiado/a, NIF da persoa solicitante que a recibe, data, número e o recibín ou pagado, así como o tratamento ou prestación recibida detallado por conceptos, identificando as pezas sobre as que se realizou no caso de axudas odontolóxicas para implantes.
- Xustificante de pagamento da factura mediante transferencia bancaria, tarxeta, Bizum ou similar.
- Documento acreditativo de dereito a asistencia sanitaria pública emitido pola Seguridade Social ou entidade correspondente, de data correspondente ao período comprendido entre o día da expedición da factura e o da presentación da solicitude, só no caso de que a persoa destinataria sexa unha beneficiaria do titular do dereito.

Para beneficiarios que figuren na tarxeta sanitaria do outro proxenitor e teñan dereito a axuda, por ser este perceptor do RISGA ou IMV, achegarase:

- Documento acreditativo da percepción do RISGA ou IMV, e
- Documento acreditativo de que figura como beneficiario na tarxeta sanitaria do outro proxenitor de data correspondente ao período comprendido entre o día da expedición da factura e o da presentación da solicitude.

De non autorizarse a consulta de datos ou non poder achegar ditos documentos, sometarase a solicitude a ditame da Comisión Paritaria Mixta co obxecto de determinar a forma de acreditar tal situación.



2. Documentación adicional para determinados tratamentos:

AUDÍFONOS

- Prescrición facultativa actualizada na que deberá figurar o número de colexiado.

LOGOPEDIA

- Informe do Servizo Galego de Saúde (pediatra ou médico de familia) de necesidade de logopedia.
- Solicitud de cita de logopedia no SERGAS.
- Informe do orientador/a ou titor/a do colexio, que indique que o tempo concedido polo SERGAS é insuficiente.
- Informe do centro de logopedia

CELIAQUÍA, (só se presenta a primeira vez que se solicita esta axuda)

- Informe médico de diagnose de celiaquía.

ODONTOLOXÍA

- Informe facultativo, só no caso de segunda limpeza no ano.

ÓPTICA

- Prescrición facultativa actualizada, na que deberá figurar o número de colexiado (a prescrición facultativa de gafas e/ou lentillas non precisa actualizarse con cada solicitude, estendendo o prazo de validez ao ano).

ORTODONCIA

- Orzamento e tempo estimado de duración do tratamento.

ORTOPEDIA (plantillas)

- Prescrición facultativa actualizada na que deberá figurar o número de colexiado.

DÉCIMA. Notificacións:

As resolucións e actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde a sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal> ou a través da URL <https://dehu.redsara.es/>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



O sistema remitiralles ás persoas solicitantes avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda de defectos formais.

Cando a solicitude, prescrición, factura ou documentación presentada adoecece dalgún defecto emendable, requirirase ao interesado para que no prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou acompañe os documentos preceptivos, advertíndolle que, se así non o fixera, teráselle por desistido da súa petición.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054

Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible no seguinte enlace:

<https://sede.depo.gal>.

A sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda á solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónicamente. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles no seguinte enlace:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

DÉCIMO SEGUNDA.- Instrución e resolución do procedemento:

O Servizo de RRHH e Formación será o competente para a instrución do procedemento de concesión das axudas sanitarias.

Por cada solicitude que se presente a través da sede electrónica da Deputación xerárase un expediente administrativo, no que se incorporará toda a documentación aportada pola persoa interesada.

Revisada a documentación, o Servizo de RRHH e Formación informará sobre o cumprimento dos requisitos esixidos e a aportación da documentación requirida.



A continuación solicitarase o informe da Inspección médica. De considerarse necesario, a Inspección poderá recabar os informes médicos que estime oportunos para aclarar ou comprobar o tipo de axuda ou tratamento solicitado. Na validación da solicitude e co obxecto de ter información das axudas solicitadas, deberanse identificar os tratamentos ou servizos detallados na factura coas categorías e conceptos dos Anexos correspondentes, así como os conceptos e importes excluídos.

Vista a documentación que integra o expediente, Intervención emitirá informe de fiscalización, podendo solicitar os informes aclaratorios que estime procedentes.

No caso de que polos servizos que participan na tramitación destes expedientes se detectase que algunha factura presenta prezos notoriamente elevados en comparación coas tarifas que para os mesmos ou similares servizos e tratamento presten as entidades de servizos sanitarios privados (Sanitas, Adeslas, etc) , requirirase ao solicitante que xustifique dito/s prezo/s. Se a xustificación no fose razoable, poderase considerar como prezo de referencia para aplicación da porcentaxe de financiamento o que teña establecido algunha das entidades de referencia. No suposto de apreciarse mala fe ou ánimo fraudulento, excluíranse o/s tratamento/s da axuda.

As solicitudes informadas desfavorablemente serán desestimadas durante o exercicio mediante RP. As solicitudes informadas favorablemente incorporaranse á proposta de reparto anual, excepto as correspondentes aos supostos de cese anticipado polas causas contempladas na base sétima, que serán obxecto de resolución individualizada.

O prazo de resolución será de tres meses a contar dende a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, que é o 15 de xaneiro de cada ano.

A proposta de reparto anual aprobarase pola Xunta de Goberno, procedendo ao pagamento ordinario destas axudas antes da finalización do primeiro trimestre.

A resolución individualizada por cese anticipado corresponde ao deputado delegado, debéndose dar conta á xunta de goberno.

Estas axudas poderán ser obxecto de control financeiro posterior. Así mesmo, poderase, no seu caso, esixir o reintegro e a imposición de sancións en aplicación do réxime previsto na normativa reguladora de subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Asunción de responsabilidade e veracidade

O modelo de solicitude inclúe unha declaración responsable que gozará da presunción de veracidade, e no caso de falseamento ou terxiversación dolosa do consignado, esixíranse as oportunas responsabilidades disciplinarias ou penais a que houbera lugar, sen prexuízo de que se adopten as medidas indicadas na disposición décimo segunda, último parágrafo.

De acordo co anterior, as persoas interesadas declaran:

1. Que cumpre as condicións para ser beneficiaria da axuda solicitada.
2. Que no caso de que a persoa destinataria da axuda sexa un beneficiario/a, esta reúne os requisitos para a súa percepción no momento da adquisición ou tratamento,
3. Que a adquisición ou tratamento non foi obxecto de subvención ou axuda que sexa incompatible coa percepción da solicitada na Deputación de Pontevedra.



4. Que todos os datos consignados son certos e completos, así como toda a documentación achegada, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenta.
5. Que coñece a posibilidade de que a Deputación solicite o cotexo das copias achegadas, para o que poderá requirir a exhibición dos documentos ou información orixinal.
6. Que coñece as posibles consecuencias negativas que se derivarían da falsidade das súas declaracións ou achega documental.

A Deputación poderá comprobar en calquera momento, a veracidade dos datos vinculados á solicitud. As facturas deberán estar pagadas mediante transferencia bancaria, Bizum, tarxeta, ou similar e acompañar o xustificante de pago correspondente.

A factura orixinal deberá conservarse durante 4 anos, podendo Intervención requirir a súa presentación no caso de que se observen irregularidades no documento presentado no momento da fiscalización previa á concesión ou no procedemento de control financeiro.

DÉCIMO CUARTA.- Importe e financiación:

Estas axudas concederanse anualmente polos conceptos que se detallan no anexo I ou similares, e polos conceptos e importes que se detallan no anexo II deste acordo.

Segundo o grupo de clasificación do persoal, a Deputación aboará as seguintes porcentaxes sobre o importe total da factura que corresponda aos tratamentos ou servizos sinalados no ANEXO I, porcentaxe que poderá variar en función das axudas solicitadas ese ano e o crédito existente no exercicio¹:

- Subgrupos A1, A2 e C1: 45% do importe total da factura
- Subgrupos C2 e E: 50% do importe total da factura

¹ No suposto de que o crédito total asignado a estas axudas resultase excedentario ou deficitario, aplicarase un reaxuste das porcentaxes/importes inicialmente asignadas para as axudas de conformidade co seguinte:

- Para ao cálculo do importe final reducido utilizarase una fórmula de repartos sucesivos sobre os importes inicialmente asignados para os conceptos dos Anexos I e II, considerando un primeiro reparto (teórico ou de base) correspondente coa aplicación sobre a contía financiable da factura da porcentaxe que corresponda segundo grupo do Anexo I e tarifa do Anexo II. O importe individual así calculado minorarase por aplicación dunha fórmula que considera o cociente entre o importe total do déficit sobre o total do reparto teórico multiplicado polo importe individual asignado no primeiro reparto.
- Para o cálculo do importe final incrementado utilizarase unha fórmula de repartos sucesivos sobre os importes inicialmente asignados para os conceptos do Anexo I, considerando un primeiro reparto (teórico ou de base) correspondente coa aplicación sobre a contía financiable da factura da porcentaxe que corresponda segundo grupo. O importe individual así calculado incrementarase por aplicación dunha fórmula que considera o cociente entre o importe total do excedente sobre o total do reparto teórico multiplicado polo importe individual asignado no primeiro reparto, operando como límite o importe total da factura.

As axudas abonadas por resolución individualizada nos supostos de cese anticipado polas causas contempladas na base sétima aplicarán a porcentaxe do 45% ou 50% (segundo Grupo) do importe financiable da factura que corresponda aos tratamentos ou servizos sinalados no ANEXO I e cadro de tarifas previsto no ANEXO II quedando excluídas da revisión posterior á alza ou á baixa do importe concedido.



As solicitudes de axudas que afecten aos tratamentos ou servizos que se relacionan no ANEXO II aboaranse polos importes que nese cadro se detallan.

O importe destas axudas estará suxeito aos seguintes topes máximos anuais e plurianuais para a persoa titular e cada un dos beneficiarios:

Topes máximos	Importe máximo ano	Importe máximo cada catro anos
Titular	3.000,00 €	6.000,00 €
Beneficiario	1.500,00 €	3.000,00 €

DÉCIMO QUINTA: Cotización á seguridade social:

Conforme o disposto no art. 147 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, de 30 de outubro, as cantidades abonadas en concepto de axudas de sanitarias computaranse na base de cotización ó Réxime xeral da Seguridade Social.

Como consecuencia a súa cotización será rateada na anualidade na que se procede ao seu pago, de xaneiro a decembro.

Ditas axudas non estarán suxeitas ó IRPF.

DÉCIMO SEXTA.- Protección de datos de carácter persoal:

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que as persoas interesadas declaren nas súas solicitudes para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A procedencia dos datos é do propio solicitante, tanto en relación aos seus datos de carácter persoal, como os que poida achegar acerca de terceiras persoas. O solicitante garante a veracidade da información achegada, así como a legalidade dos datos achegados sobre terceiros no presente procedemento.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal> e o consentimento das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento non serán obxecto de comunicación ou cesión, salvo nos supostos legalmente establecidos, conservándose o tempo que esixa o procedemento administrativo.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos, segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

DISPOSICIÓN REVOGATORIA.

Quedan expresamente sen efecto calquera Instrución, Directriz, Circular ou Orde que se opoñan, contradigan ou non harmonicen co regulado nas presentes instrucións.

ENTRADA EN VIGOR

As presentes normas aplicaranse ás axudas sanitarias solicitadas dende o un de xaneiro ao 31 de decembro de cada ano, estando incluídas todas as da anualidade do 2024, salvo as que xa fosen tramitadas pola xubilación dos titulares.



ANEXO I: TRATAMENTOS OU SERVIZOS FINANCIABLES

A	CIRUXÍA ORAL
1	Quiste odontoxénico
2	Apicectomía
3	Dente incluído. Fenestración
4	Frenillo lingual ou labial. frenectomía
5	Regularización de bordes alveolares peza
6	Pulpectomía adulto
B	ENDODONCIAS
1	Endodoncias unirradiculares
2	Endodoncias birradiculares
3	Endodoncias multirradiculares
4	Endodoncia en dente temporal (pulpotomía)
5	Reendodoncias
C	ESTÉTICA DENTAL
1	Rehab. incrustación porcelana
2	Rehab. incrustación composite
3	Carilla de porcelana
4	Carilla composite estratificada
5	Carilla composite
6	Coroa cerámica sen metal tipo in ceram, procera, empress
7	Ponte cerámica sen metal tipo in ceram, procera, empress
8	Coroa de zirconio
9	Ponte fixo zirconio
10	Rehab. incrustación zirconio
11	Ponte provisional peza
12	Encerado diagnóstico
D	IMPLANTOLOXÍA FASE PROTÉSICA
1	Coroa provisional s/i
2	Coroa metal porcelana sobre implantes (aditamentos incluídos)
3	Coroa cerámica sen metal (ceram, procera,) s/i
4	Coroa empress s/i
5	Coroa de zirconio s/i
6	Prótese mesoportada, híbrida
7	Prótese mucosoportada sistema barra (inclúe barras e caballitos)
8	Prótese mucosoportada
9	Locators
10	Reposición de sistemas retención, caballitos ou teflones ou hembras de sobredentadura
11	Reposicións completas con caballitos sobre barra (caballitos ou teflones)
12	Perforación coroa drenaxe



E	IMPLANTOLOXÍA FASE CIRÚRXICA
1	Implante
2	Revisións implantoloxía
3	Elevación de seo
4	Colocación materiais biolóxicos (oso e outors Bioxx)
5	Oso autólogo
6	Rexeneración tisular guiada con membrana reabsorbible
7	Obtención e aplicación plasma rico en plaquetas
8	Mantemento implantes
9	Periimplantitis
10	Descontaminación implantes
11	Férula guía cirúrxica peza
F	OBTURACIÓNS
1	Obturación de amalgama
2	Obturación de composite
3	Restauración de ángulos, composite
4	Reconstrución coronaria total (tornillos, pernos, pines incluídos)
5	Reconstrución coronaria total con postes de carbono ou fibra de vidro
6	Gran reconstrución
7	Reconstrución muñón
G	ODONTOPEDIATRÍA
1	Tratamento con mantenedor de espazo fixo
2	Tratamento con mantenedor de espazo móbil
3	Seladores oclusais
4	Obturación de amalgama
5	Obturación de composite
6	Apicoformación
7	Endodoncia en dente temporal (pulpotomía)
8	Colocación coroa preformada de metal
9	Reimplantación de pezas
10	Ferulización
H	ORTODONCIA
1	Pago único tratamento interceptivo
2	Pago único ortodoncia (metálicos, autoligables etc)
3	Estudio ortodoncia, incluída serie periapical
4	Visitas periódicas de revisión ortodoncia (finalizada máximo 2 ano con informe)
5	Tratamento ortodónico con aparatoloxía fixa
6	Tratamento ortodónico con aparatoloxía móbil
7	Twin Block



8	Colocación de aparatos auxiliares (Quad-Helix bihelix, botón de nance, barra palatina, mentoneras, anclaxes extra orais, bumper, máscara facial...)
9	Tratamento ortodóncico con brackets autoligables
10	Colocación de microimplantes
11	Colocación placas retención, férula o hawley
12	Renovación aparatoloxía móbil, cambio, perda o rotura
13	Recargo brackets estéticos
14	Tratamento ortodóncico con invisaling, incognito(entrada)
15	Visitas de ortodoncia. Revisións (finalizada máximo 2 ano con informe)
16	Estudio invisaling, incógnito
17	Corrección durante o tratamento (estudo e alineadores)
18	Fase de retención con retenedores invisaling, incógnito
I	PATOLOXÍA ATM
1	Tallado selectivo, axuste oclusal, inclúe montaxe de modelos en articulador semiaxustable.
2	Aparatoloxía móbil o fixa
3	Revisións
4	Tratamento con férula de descarga neuromiorrelaxante, tipo Michigan
5	Tratamento con férula de adiantamento mandibular
6	Ferulización ortodóncica
7	Reparacións, rebases e reaxustes de férula
8	Colocación de botóns e elásticos clase III
9	Disyuntor palatino
J	PERIODONCIA
1	Enxerto libre de encía
2	Alargamento coronario
3	Colgalo reposición apical
4	Widman modificado
5	Ferulización de dentes
6	Mantemento periodontal postqu.
7	Ciruxía a colgalo
8	Gingivectomía parcial
9	Colocación de materiais biolóxicos (hueso liofilizado e outros biomateriais)
10	Colocación hueso autólogo
11	Rexeneración tisular guiada con membrana reabsorbible
12	Obtención e aplicación de plasma rico en plaquetas
13	Peche de diastema con composite



K	PRÓTESES FIXAS, REMOVIBLES E ESQUELÉTICOS
1	Cementar, levantar ponte ou coroa
2	Mantenedor de espazo fixo
3	Coroa provisional acrílico
4	Coroa metal colada
5	Muñón colado (coroa aparte)
6	Coroa metal porcelana
7	Rehabilitación ONLAY
8	Ponte fixo porcelana
9	Reparacións ou composturas de porcelana
10	Ponte Maryland
11	Ponte Maryland provisional
12	Coroa cerámica sen metal tipo in ceram, procerá, empress
13	Ponte cerámica sen metal tipo in ceram, procerá, empress
14	Coroa de Zirconio/ponte fixo zirconio
15	Prótese Valplast o Flexite
16	Preparación e colocación de reparacións ou composturas
17	Pezas engadidas
18	Neobase
19	Valplast ou Flexite incluído esquelético e pezas
20	Esquelético (estrutura base para unha ou varias pezas)
21	Esquelético (terminación en acrílico)
22	Soldar sochapas
23	Pezas sochapadas
24	Composturas (ganchos, reforzos, retenedores, agregar pezas...)
25	Suxeitadores de precisión (attaches)
26	Ganchos estéticos (resina acetálica)
27	Reposición sistemas retención (caballitos o teflones)
L	PRÓTESES REMOVIBLES ACRÍLICAS
1	Mantedor espazo móbil
2	Prótese removible completa (superior ou inferior)
3	Prótese parcial removible acrílico
4	Prótese parcial removible acrílico (incluídos os ganchos ou retenedores)
5	Reparacións ou Composturas (ganchos, reforzos, retenedores, agregar pezas, cortar)
6	Rebases blandos/duros
7	Recargo Resina Hipoal
M	PROBAS DIAGNÓSTICAS
1	Estudo tomográfico (TAC)



ANEXO II: OUTROS TRATAMENTOS OU SERVIZOS FINANCIABLES

	Tipo de tratamento	Máximo
1	Corrección miopía	980,00 €/ollo
2	Plantillas ortopédicas, par ano	90,00 €
3	Podólogo (3 ao ano)	30,00 €/sesión
4	Audífono estándar (1 por cada oído, cada 4 anos)	950,00 €/audífono
5	Audífono específico (1 por cada oído, cada 4 anos)	1200,00 €/audífono
6	Celíaquía	450,00 €/ano
7	Gafas graduadas e/ou lentes contacto	200,00 €/ano
8	Logopeda	980,00 €/ano
9	Limpeza de boca, tartrectomia ou similares	60,00 €/limpeza
10	Curetaxe por cadrante	90,00 €/cadrante

Disposición transitoria primeira

En tanto non se implemente o expediente electrónico, a emisión dos informes de RRHH, Inspección Médica e Intervención efectuarase conxuntamente por todas as solicitudes tramitadas trimestralmente, que se incorporará a un expediente xenérico de axudas sanitarias.

A obrigatoriedade de achega do xustificante de pago mediante tarxeta, transferencia, bizum ou similar aplicarase para as facturas expedidas a partir do 1 de xuño de 2024.

16.33843.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

17.33844.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

18.33845.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

